

## PREGUNTA SOBRE O PECHE DE UNHA FARMACIA EN CEA



Manuel Pérez Vázquez, portavoz do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO en San Cristovo de Cea, diríxese a Vde. para preguntar sobre o peche recente dunha farmacia en Cea.

### ANTECEDENTES

Segundo consta no rexistro deste concello a titular da farmacia OR-204-F, sita na R/ España, 65, comunicou ao Concello en xaneiro de 2018 un informe inicial negativo emitido pola Consellería de Sanidade sobre o traspaso de dita Farmacia, unha vez que a súa titular se xubilara.

Manifesta a titular desa farmacia, que inicialmente o traspaso foi informado favorablemente polo C.O.F.OU, pero que tras as alegacións formuladas pola titular da outra farmacia existente en Cea á Consellería de Sanidade, esta informou inicialmente de maneira negativa, polo que presentou o correspondente recurso de alzada. Entre a documentación presentada no recurso figura un escrito do alcalde de Cea alegando algúns prexuízos derivados do peche da farmacia. Para a resolución do recurso a Consellería solicitou ó Concello un informe técnico máis concreto sobre a poboación flotante do concello. Dito informe foi emitido pola secretaría, con algunhas modificacións sobre o inicialmente emitido pola alcaldía.

En datas recentes, e cando a titular da farmacia xa tiña concertado o traspaso da farmacia a outra persoa, recibiu a denegación definitiva da Consellería, que imposibilitaba a operación. As consecuencias non se fixeron esperar: o peche inmediato da farmacia coas elevadas perdas económicas que implica para a súa titular, a perda dos postos de traballo e a perda dun servizo máis para a veciñanza que se viña prestando desde fai case 30 anos. Non se tiveron en conta as características do Concello, que con unha poboación envellecida e dispersa precisa deste servizo, o cal viña funcionando desde décadas sen problemas e con mercado suficiente para ambos establecementos.

De ben pouco serviron os informes emitidos pola Alcaldía e pola Secretaría do Concello sobre: poboación, número de camas existentes no concello, vivendas ocupadas, poboación en tránsito, segundas vivendas, etc., inda o que fosen feitos por e para membros do mesmo partido. Resultado: peche definitivo da farmacia en cuestión e imposibilidade de traspaso.

Perder un servizo así, beneficiando a uns e perxudicando a outros, supón para Cea un novo eslabón nesa cadea decadente a que xa nos teñen habituados desde o goberno municipal: perda das gardas médicas, redución de espazos públicos a causa de construcións de difícil xustificación, peche da cámara agraria, peche negocios, comercios e servizos de hostalería, irrelevancia do transporte colectivo, redución do plantel sanitario, cesión incondicional do Centro de Saúde, desaparición do Grupo de Gaitas, minimización da oficina de correos, caída estrepitosa de poboación, esquecemento do agro, etc.

Segundo a lei 3/2019 de 2 de xullo sobre “Ordenación Farmacéutica de Galiza” no seu artigo 31, San Cristovo de Cea considerase Zona Rural (<10.000 habitantes). A mesma lei prevé 1 farmacia por cada 2000 habitantes, agás que se supere esa proporción en 1500 habitantes e se constate un crecemento poboacional nos derradeiros 5 anos. No caso de Cea xa existían dúas



farmacias que viñan funcionando con normalidade, polo que non se trataría de novas adxudicacións. Tendo en conta as características do concello e do seu entorno ben podían seguir existindo as dúas farmacias de sempre, mantendo o servizo e os postos de traballo. Podían haber tido en conta criterios como: idade, dispersión, entorno, etc., e non só o número de habitantes.

A farmacia cumpría aparentemente co requisito para a transmisión intervivos contemplada no artigo 44.2 da citada lei, posto que levaba aberta ao público baixo o mesmo titular máis de 3 anos. A discriminación positiva solicitada ben podía haberse tido en conta, evitando os graves prexuízos para o servizo sanitario e as elevadas perdas económicas para a titular.

Polo devandito, formulo ao Sr. Alcalde a seguinte PREGUNTA:

**¿Qué xestións levou a cabo a Alcaldía diante da Consellería para tratar de manter o servizo, que constituía un ben esencial para o pobo, evitar os danos causados á titular da farmacia e aos traballadores da mesma, e qué argumentou a Consellería do seu mesmo partido para xustificar a negativa ó traspaso dunha farmacia que leva funcionando con normalidade tantos anos?**



Asdo: Manuel Pérez Vázquez

SR.ALCALDE DO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA

